

**TRES PASOS DE LUNEDA, A CAÑIZA,
PONTEVEDRA.**

QUE EU BEN TE QUERO
TI BEN O SABES
PERO SE FORON
AS AMIZADES
AS AMIZADES
AS AMIZADES
QUE EU BEN TE QUERO
TI BEN O SABES

BRANDEATE PR' AQUÍ
BRANDEATI PR' ALÍ
DÁLL'UN XEITIÑO Ó CORPO
CANTANDO O QUIQUIRIQUÍ

TI ERE-LO MARE
EU SON iAREA
QUE EU NON VOU SOA
QU' AUGHA ME LEVA
QU' AUGHA ME LEVA
QU' AUGHA ME LEVA
TI ERE-LO MARE
EU SON iAREA

BRANDEATE PR' AQUÍ
BRANDEATE PR' ALÍ
DÁLL'UN XEITIÑO Ó CORPO
CANTANDO O QUIQUIRIQUÍ

**PASODOBRE DE LUNEDA, A CAÑIZA,
PONTEVEDRA.**

NENA SE VAS Ó BAILE
Ó FORMIGHEIRO
MIRA QUE NON TE PERDAS
POLO CARREIRO
POLO CARREIRO NENA
POLO CAMIÑO
NENA SE VAS Ó BAILE
A VILARIÑO

PASEI POLA TÚA PORTA
MIREI PARA ARRIBA E VINHE
UN LETREIRO QUE DECÍA
EU PARA TI NON NACINHE

EU COMO SABÍA LERE
SAQUEI UN E PUXEN OUTRO
TI PARA MIN NON NACECHES
PERO EU PARA TI TAMPOUCO

TI TE-LA GHORRA DE LADO
COMO SE FORAS ALGHENHE
INDA HABÍAS DE PAGHARE
A QUEN NA CASA TE TENHE

**XOTA DE LUNEDA, A CAÑIZA,
PONTEVEDRA.**

AI, AS MOCIÑAS DE FOLGHOSO
AI, TODAS XUNTAS NUN CORTELLO
AI, UNHAS SUBEN OUTRAS BAIXAN
AI, OUTRAS COMEN O BECERRO

AI, AS MOZAS DO FORMIGHEIRO
AI, EU DIREI QUEN ELAS SONHE
AI, VINTECATRO MORRIÑOSAS
AI, DA CABALO DUN CASTRONHE

AI, NOS D' AQUÍ E VOS D' ALÁ
AI, SOMOS TANTOS COMA VOS-E
AI, MATAREMOS UN CARNEIRO
AI, OS CORNOS SERÁN PRA VOS-E